

01_Providencia	2
02_Memoria	3
03_Informe_Intervencion	5
04_Proposta_o_Plano	9
5.Certif_aprob_inic_modif	10

Expediente de modificación de crédito	02/2024
Subexpediente de suplemento de crédito	01/2024
Importe total	14.844,00 €

Providencia

De conformidade co establecido no artigo 177 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo e artigo 37 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, ordeno mediante a presente providencia a incoación de expediente de modificación de crédito **02/2024**, sub-expediente de suplemento de crédito nº **01/2024** nas aplicacións de gastos relacionadas a continuación, para as cales non existe crédito adecuado e suficiente no nivel de vinculación xurídica para poder facer fronte aos mesmos:

Suplemento de crédito: subexpediente 01/2024

Aplicación orzamentaria de destino	Descrición do gasto a realizar	Importe
0001.912.23000	Indemnizacións por razón do servizo. Modificación da base 12ª.2 das bases de execución do Orzamento Xeral (expediente 2024005953)	14.844,00 €

Conforme ás disposicións vixentes, cando se deba realizar algún gasto para o que o crédito consignado no orzamento non sexa suficiente, poderá acordar a tramitación dun suplemento de crédito. Tal modificación de créditos deberá atenderse, indistintamente, co remanente líquido da Tesourería dispoñible no momento da tramitación do expediente, procedente do sobrante da liquidación do exercizo anterior, con novos ou maiores ingresos recadados sobre os totais previstos nalgún concepto do Orzamento corrente, ou ben anulando ou minorando o crédito necesario doutras partidas do Orzamento, das dotacións que se estimen reducibles, sen perturbación do respectivo servizo.

Estímase procedente tramitar o correspondente expediente de modificación de créditos na modalidade de suplemento de crédito, sendo os recursos que financiarán o citado expediente os procedentes do Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais

Aplicación orzamentaria	Importe
87000	14.844,00 €

Polo exposto, **INCOESE** polos servizos técnicos o expediente para levar a cabo a súa tramitación.

Ferrol, na data que consta na sinatura dixital.

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA CONCESIÓN DO CRÉDITO EXTRAORDINARIO

En cumprimento do preceptuado no artigo 37.2 do RD 500/1990, do 20 de abril, elévase a coñecemento do Pleno da Mancomunidad a seguinte memoria explicativa.

Necesidade do crédito extraordinario/suplemento de credito:

A necesidade de conceder un suplemento de crédito, dentro do orzamento deste Mancomunidad para 2024 xustifícase nas seguintes razóns :

A base número 12ª. 2 do vixente Orzamento de 2024 da Mancomunidad establece que “Por asistencia a sesións dos Órganos de goberno aboarase a cantidade de 24 euros.” Esta cifra permaneceu estática durante décadas, polo que se encontra totalmente desfasada respecto ao contexto económico, e a prol da proporcionalidade desta indemnización; pero ademais non se axusta á realidade da Mancomunidad, cuxa execución de gasto se multiplicou por 15 desde o ano 2010. Tendo en conta a crecente responsabilidade legal que asumen os membros do Pleno polo acordos adoptados neste órgano, considerouse necesario adecuar esta cifra, para o cal se toman como referencia os importes percibidos pola asistencia a órganos colexiados doutras administracións análogas. Polo que se propón modificar a base 12ª.2 das bases de execución do Orzamento Xeral, que quedaría nos seguintes termos: “Por asistencia dos membros da Mancomunidad a sesións dos Órganos de goberno aboarase a cantidade de 180 euros, con efectos desde o 1 de xaneiro de 2024.” (expte 2024005953)

Polo exposto, xustifícase a imposibilidade de demorar o gasto a exercicios futuros.

Carácter do gasto proposto:

Os gastos propostos teñen carácter específico e determinado por canto responden a fins concretos, que son os de complementar a aplicación orzamentaria que ampara os gastos citados anteriormente.

Clase de modificación que se propón e partidas a que afecta:

A modificación orzamentaria que se propón é, tal e como xa se indicou, un suplemento de crédito na aplicación orzamentaria, que se relaciona de seguido:

Suplemento de crédito: subexpediente 01/2024

Aplicación orzamentaria de destino	Descrición do gasto a realizar	Importe
0001.912.23000	Indemnizacións por razón do servizo. Modificación da base 12ª.2 das bases de execución do Orzamento Xeral (expediente 2024005953)	14.844,00 €



Medios de financiamento do gasto:

Proponse que o financiamento se realice con cargo ó Remanente Líquido de Tesourería para gastos Xerais

Aplicación orzamentaria	Importe
87000	14.844,00 €

O importe total da modificación proposta ascendería á cantidade de 14.844,00 €

Ferrol, na data que consta na sinatura dixital.

Asunto: Informe de control financeiro permanente do expediente de modificación de créditos número 02/2024, sub-expediente 01/2024 de suplemento de crédito

Con data 14 de febreiro de 2024 o presidente da Mancomunidade, asinou unha providencia por medio da cal ordena a incoación do expediente número 02/2024 de modificación de crédito orzamentario, sub-expediente 01/2024 de suplemento de crédito

Tendo en conta a obriga contida nos artigos 3.3 e 32 do Real Decreto 424/2017 e 4,1, b) 1º, esta Intervención emite o seguinte

INFORME

I.- Antecedentes

O contido do expediente obxecto deste informe está constituído polos seguintes documentos:

- Providencia de inicio do expediente do presidente de data 14/02/2024
- Memoria do Presidente xustificativa da necesidade de tramitar o presente expediente asinada o día 14 de febreiro de 2024
- Documentación complementaria á memoria da concellería

II.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (en diante TRLRHL), artigos 169 a 177
- Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I, do Título VIN, da lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, artigos 34 a 38
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local (en diante LRBRL), artigos 22.2.e) e 47.2
- RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.
- Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das entidades locais.
- Resolución do 14 de setembro de 2009, da Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas e coas Entidades Locais, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades Locais.
- Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira
- Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades Locais.

- Orde HAP 2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

III.- Consideracións

Primeira.- O artigo 177.1 do TRLRFL dispón que cando teña que realizarse algún gasto que no poida demorarse ata o exercicio seguinte, e non exista no orzamento da corporación crédito ou sexa insuficiente ou non ampliable o consignado, o presidente da corporación ordenará a incoación do expediente de concesión de crédito extraordinario, no primeiro caso, ou de suplemento de crédito, no segundo.

No presente expediente dáse o suposto previsto para a aprobación dunha modificación de crédito na modalidade de suplemento de crédito xa que se produce a segunda das situacións indicadas no artigo 177 segundo o contido da memoria xustificativa.

O importe do expediente que se propón na preceptiva Memoria ascende á cantidade de 14.844,00 €

Os gastos específicos e determinados que nos manifesta o presidente que non poden demorarse ata o exercicio seguinte e para os que non existe crédito orzamentario son os seguintes:

A base número 12ª. 2 do vixente Orzamento de 2024 da Mancomunidade establece que “Por asistencia a sesións dos Órganos de goberno aboarase a cantidade de 24 euros.” Esta cifra permaneceu estática durante décadas, polo que se encontra totalmente desfasada respecto ao contexto económico, e a prol da proporcionalidade desta indemnización; pero ademais non se axusta á realidade da Mancomunidade, cuxa execución de gasto se multiplicou por 15 desde o ano 2010. Tendo en conta a crecente responsabilidade legal que asumen os membros do Pleno polo acordos adoptados neste órgano, considerouse necesario adecuar esta cifra, para o cal se toman como referencia os importes percibidos pola asistencia a órganos colexiados doutras administracións análogas. Polo que se propón modificar a base 12ª.2 das bases de execución do Orzamento Xeral, que quedaría nos seguintes termos: “Por asistencia dos membros da Mancomunidade a sesións dos Órganos de goberno aboarase a cantidade de 180 euros, con efectos desde o 1 de xaneiro de 2024.” (expte 2024005953)

Segunda.- O artigo 177 do TRLRHL determina que o presidente ordenará a incoación do expediente de concesión de un suplemento de crédito cando teña que realizarse algún gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte, e que sexa insuficiente ou non ampliable o crédito consignado, o expediente deberá ser previamente informado pola Intervención antes de sometelo á aprobación polo Pleno da mancomunidade.

O artigo 37.1 do RD 500/1990 establece que os expediente de concesión de suplementos de crédito serán incoados por orde do Presidente , e, no seu caso, dos órganos competentes dos organismos autónomos dependentes da mesma, nas unidades que teñan ao seu cargo a xestión dos créditos ou sexan responsables dos correspondentes programas.

Ditas unidades xestoras deberán incluír no expediente unha memoria xustificativa co contido referido no artigo 37.2 do RD 500/1990, a saber:

A proposta deberá acompañarse dunha memoria xustificativa da necesidade da medida que deberá precisar a clase de modificación a realizar, as partidas orzamentarias ás que afecta e os medios ou recursos que han de financiarla, debendo acreditarse:

- a) O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralalo a exercicios posteriores.
- b) A inexistencia no estado de gastos do orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, no caso de crédito extraordinario, ou a insuficiencia do saldo de crédito non comprometido na partida correspondente, en caso de suplemento de crédito.
Dita inexistencia ou insuficiencia de crédito deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.
- c) Se o medio de financiamento se corresponde con novos ou maiores ingresos sobre os previstos, que o resto dos ingresos veñen efectuándose con normalidade, salvo que aqueles teñan carácter finalista.
- d) A insuficiencia dos medios de financiamento previstos no artigo 36.1 no caso de que se pretenda acudir ao financiamento excepcional establecido polo artigo 158.5 da Lei 39/1988, do 28 de decembro.

Terceira.- O órgano competente para a súa aprobación é o Pleno, conforme ao disposto nos artigos 22.2.e) da LRBRL e o 177.2 do TRLRFL e aprobarase por maioría simple sen que sexa necesario quórum especial.

Cuarta.- O procedemento a seguir será o seguinte:

1. De conformidade co establecido no artigo 177 do TRLRFL estas modificacións, en caso sexan aprobadas polo Pleno, seguirán as normas sobre información, reclamacións, recursos e publicidade a que se refiren os artigos 169, 170 e 171 do referido texto legal.
2. Aprobado inicialmente o expediente, exporase ao público, previo anuncio no correspondente Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales as persoas interesadas poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

Terán a consideración de interesados:

- a) Os habitantes no territorio da respectiva Entidade Local
- b) Os que resulten directamente afectados aínda que non habiten no territorio da Entidade Local
- c) Os Colexios Oficiais, Cámaras Oficiais, Sindicatos, Asociacións e demais Entidades legalmente constituídas para velar por intereses profesionais ou económicos e veciñais, cando actúen en defensa dos que lles son propios.

O mesmo artigo 170, no seu parágrafo segundo, determina que unicamente poderán interpoñerse reclamacións contra o Orzamento polas seguintes causas:

- a) Por non axustarse na súa elaboración e aprobacións aos trámites establecidos no TRLRFL.
- b) Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixibles á Entidade Local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.
- c) Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos presupostados ou ben destes respecto das necesidades.

Transcorrido o prazo de presentación de reclamacións sen que estas se tivesen presentado ou, unha vez resoltas as que se presentasen, no prazo máximo dun mes aprobarase definitivamente polo Pleno do Concello. O citado expediente será publicado, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da LRBRL e o 169.3 do TRLRFL.

3. O artigo 38.2 do RD 500/1990 e o 169.4 do TRLRFL esixe que do expediente de modificación do orzamento, unha vez aprobado definitivamente, se remita copia á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

5.- Segundo o establecido no artigo 169.7 do TRLRFL, deberán estar a disposición do público, para efectos informativos, copia de cada unha das modificacións dende a súa aprobación definitiva ata a finalización do exercicio.

6.- Contra a súa aprobación, en virtude dos disposto no artigo 113 da LRBRL, as persoas interesadas poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 43 da lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

A interposición do citado recurso non suspenderá, por si soa, a efectividade do acordo impugnado.

IV.- Conclusións

En consecuencia, infórmase favorablemente a nova proposta de aprobación inicial do expediente de modificación nº 02/2024 sub-expediente 01/2024 suplemento de crédito como se indica a continuación:

Altas nas aplicacións de gastos

Suplemento de crédito: subexpediente 02/2024

Aplicación orzamentaria de destino	Descrición do gasto a realizar	Importe
0001.912.23000	Indemnizacións por razón do servizo. Modificación da base 12ª.2 das bases de execución do Orzamento Xeral (expediente 2024005953)	14.844,00 €

Medios de financiamento do gasto:

De conformidade co artigo 177.4 do TRLRHL e artigo 36.1 e 2 do Real Decreto 500/1990 o financiamento será con cargo ó remanente líquido de tesourería para gastos xerais

Aplicación orzamentaria	Importe
87000	14.844,00 €

Ferrol, na data que consta na sinatura dixital.



Ó Pleno da Mancomunidad

O presidente da Mancomunidad, en data 14/02/2024, ditou providencia de inicio do expediente de modificación de crédito 02/2024, subexpediente de suplemento de crédito n.º 01/2024

No citado expediente xúntanse os seguintes documentos e informes:

- Providencia de inicio
- Memoria xustificativa do expediente de modificación de crédito, en cumprimento do artigo 37 do RD 500/1990.
- Informe de Intervención referido co resultado de favorable.
- Solicitudes e/ou documentación que da soporte ao expediente.

Examinada toda a documentación que integra o expediente e tendo en conta o informe favorable da Intervención, propoñolle ao Excmo Concello Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente **02/2024** de modificación de créditos, subexpediente **01/2024** de suplemento de crédito , segundo o seguinte detalle :

Suplemento de crédito: subexpediente 01/2024

Aplicación orzamentaria de destino	Descrición do gasto a realizar	Importe
0001.912.23000	Indemnizacións por razón do servizo. Modificación da base 12ª.2 das bases de execución do Orzamento Xeral (expediente 2024005953)	14.844,00 €

Medios de financiamento do gasto:

De conformidade co artigo 177.4 do TRLRHL e artigo 36.1 e 2 do Real Decreto 500/1990 o financiamento será con cargo ó remanente líquido de tesourería para gastos xerais:

Aplicación orzamentaria	Importe
87000	14.844,00 €

Segundo.- O presente acordo será exposto ao público no Taboleiros de anuncios da Mancomunidad durante o prazo de quince días hábiles, a contar dende a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que as persoas interesadas poidan examinar o expediente e presentar as alegacións que consideren oportunas, de conformidade co establecido no artigo 169.1 do texto refundido aprobado por RDL 2/2004, do 5 de marzo.

De non presentarse reclamacións contra este acordo, o expediente considerarase definitivamente aprobado, debendo cumprirse os trámites previstos no artigo 169 do citado texto legal.

Ferrol, na data que consta na sinatura dixital.

D. Leopoldo Moure García, SECRETARIO XERAL DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL, CERTIFICA:

Que no pleno da Mancomunidad de do 19/02/2024 se adoptou o seguinte acordo:

“4. Aprobación de expediente de modificación de crédito 2/2024, sub-expediente de suplemento de crédito nº 01/2024 (expediente 2024005937).

Examinada a proposta da Presidencia do 15/02/2024 cuxo teor literal é o seguinte:

“Ó Pleno da Mancomunidad

O presidente da Mancomunidad, en data 14/02/2024, ditou providencia de inicio do expediente de modificación de crédito 02/2024, subexpediente de suplemento de crédito n.º 01/2024

No citado expediente xúntanse os seguintes documentos e informes:

- *Providencia de inicio*
- *Memoria xustificativa do expediente de modificación de crédito, en cumprimento do artigo 37 do RD 500/1990.*
- *Informe de Intervención referido co resultado de favorable.*
- *Solicitudes e/ou documentación que da soporte ao expediente.*

Examinada toda a documentación que integra o expediente e tendo en conta o informe favorable da Intervención, propoñolle ao Excmo Concello Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente **02/2024** de modificación de créditos, subexpediente **01/2024** de suplemento de crédito , segundo o seguinte detalle :

Suplemento de crédito: subexpediente 01/2024

Aplicación orzamentaria de destino	Descrición do gasto a realizar	Importe
0001.912.23000	Indemnizacións por razón do servizo. Modificación da base 12ª.2 das bases de execución do Orzamento Xeral (expediente 2024005953)	14.844,00 €

Medios de financiamento do gasto:

De conformidade co artigo 177.4 do TRLRHL e artigo 36.1 e 2 do Real Decreto 500/1990 o financiamento será con cargo ó remanente líquido de tesourería para gastos xerais:

Aplicación orzamentaria	Importe
87000	14.844,00 €

Segundo.- O presente acordo será exposto ao público no Taboleiros de anuncios da Mancomunidad durante o prazo de quince días hábiles, a contar dende a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que as persoas interesadas poidan examinar o expediente e

presentar as alegacións que consideren oportunas, de conformidade co establecido no artigo 169.1 do texto refundido aprobado por RDL 2/2004, do 5 de marzo.

De non presentarse reclamacións contra este acordo, o expediente considerarase definitivamente aprobado, debendo cumprirse os trámites previstos no artigo 169 do citado texto legal”

Previa deliberación, a Corporación, en votación ordinaria e coa abstención da alcaldesa de Narón, acordou aprobar a proposta da Presidencia transcrita”.

E para que conste aos efectos oportunos, expido o presente certificado co visto e prace do Presidente da Mancomunidad, coa salvedade que establece o artigo 206 do *Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por el que se aprueba el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales.*

Ferrol, na data da sinatura electrónica,

O secretario da Mancomunidad,
Leopoldo Moure García

Vº e prace, o presidente da Mancomunidad,
José Manuel Rey Varela